

Expte:69/2022

ANUNCIO

En data 20/05/2022 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 2022-0100 que de seguido se transcribe:

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN PEÓN/PEOA FORESTAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN APROL RURAL 2022

EXPEDIENTE: 69/2022

ANTECEDENTES:

A Orde do 07/01/2022 establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21 do 1 de febreiro). O Concello de Moeche presentou ao abeiro desta convocatoria, unha solicitude de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade, para o dito Programa Aprol Rural 2022. Achegou unha memoria da obra ou servizo, que describe as necesidades de contratación para o dito programa.

Por Resolución de concesión da subvención de referencia, emitida pola xefa Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade con data 04/05/2022, rexistro de entrada núm. 2022-E-RC-381 do 05/05/2022, concédeselle a este concello unha subvención para a contratación dun peón/peoa forestal baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo por un período de 9 meses para a realización das obras/servizos:

- **Limpeza forestal**

Na dita resolución sinala que **a data límite para a formalización da contratación é o día 15/06/2022.**

Por Resolución da Alcaldía do día 18/05/2022 aprobáronse as bases que rexerán o proceso de selección e contratación dun peón/peoa forestal para a obra/servizo “Limpeza Forestal”. O procedemento de selección faise mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

Primeiro: Nomear o Tribunal Cualificador que constará de:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Tres empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:



- Cristina Rodríguez Arroyo, funcionaria do Concello de Moeche
- Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche
- M.^a Pilar Pazo González, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

Secretario: Antonio García Méndez, funcionario do Concello Moeche

Membro asesor: Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

O tribunal cualificador reunirse para a cualificación e valoracións dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán publicados taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche. A data da proba práctica da fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras
(Sinatura dixital ao marxe)

